

005048 22.01.2011 16:11

Á vista do escrito do Xefe do Servizo de Convocatorias e RR.HH. de I+D, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos en prácticas do Master en Xestión e Dirección Laboral da Universidade de Santiago de Compostela, esta REITORÍA

-Considerando que o Servizo de Convocatorias e RR.HH. de I+DI arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos do Máster en Xestión e Dirección Laboral, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado.

### RESOLVE

1. Autorizar a realización das prácticas externas do alumnado da titulación de Máster en Xestión e Dirección Laboral nas dependencias do Servizo de Convocatorias e RR.HH. de I+D.
2. Establecer que o réxime das practicas será o seguinte:
  - Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito ECTS por cada 25 horas de prácticas, sen poder superar o límite de 150 horas, que establece o plan de estudos para estes efectos. Estes créditos recoñeceranse como obrigatorios segundo o establece o plan de estudos.
  - Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión Académica desta titulación de acordo co Xefe do Servizo de Convocatorias e RR.HH. de I+D, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
  - Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
  - Estas prácticas non comportarán compensación económica. O feito de que o alumnado realice prácticas no Servizo de Convocatorias e RR.HH. de I+D non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
  - Os alumnos que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
  - A Comisión Académica do Master en Xestión e Dirección Laboral nomeará a un titor, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, o Servizo de Convocatorias e RR.HH. de I+D nomeará a un titor deste servizo que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
  - Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
  - A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-ra académica, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas do Servizo de Convocatorias e RR.HH. de I+D.

- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.  
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Servizo de Convocatorias e RR.HH. de I+D emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.  
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2012

O REITOR



Man José Casares Long

**SRA. LOURDES MELLA MENDEZ, COORDINADORA DO MASTER EN XESTIÓN E DIRECCIÓN  
LABORAL**  
**SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA**  
**SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA**  
**SR. XEFE DO SERVIZO DE CONVOCATORIAS E RR.HH. DE I+D**